

# ARCO DA VELLA



O arco da vella
é de sete cores,
de sete cores
de mil amores.

A cor vermella
da emoción.
A cor vermella
da pasión.

A cor laranxa
das mandarinas,
das mandarinas
e das clementinas.

A cor amarela
desa flor.
A cor amarela
do noso Sol.

A cor verde
dese avión,
dese avión
e do meu sillón.

A cor azul
da valentía.
A cor azul
da melancolía.

A cor añil
da bondade,
da bondade
e da felicidade.

A cor violeta
da miña bicicleta,
da miña bicicleta
e da miña marioneta.

O arco da vella
é de sete cores,
de sete cores
e de mil amores.

Carmen Fernández Margusino



# AS CORES

O vermello, é unha cor
que vai de cachondeo,
en lancha polo río Eo.

O rosa é unha cor vistosa,
que adora mamá osa.

A cor laranxa non sae da cancha,
porque meteu unha canasta.

A cor marrón,
vive en Caraubón,
co seu amigo Ramón.

A cor verde é unha cor alegre,
que vive coa súa moza,
en Pontedeume.



Cloe
Canto

# Cores

Gústame o amarelo
porque sabe a caramelo.
O azul gustame tamén
porque sabe a mel

O laranxa e o violeta
non os probo porque non me peta.
Encántame o marrón porque sabe
moito a turrón.

Branco, vermello e añil
dou-chos todos para ti.
Tampouco quero o negro
porque polas noites, dame medo.

Pablo Mulé Pumar

# As cores

O azul dos teus ollos
recórdame ao mar
azul como o ceo
azul, algo xenial.

Recórdame as vacacións
Recórdame unha gran aventura
o azul e a cor da ricura.

O laranxa é unha boa cor
recórdame a pizza calentiña
Que rico señor!

O gris e unha cor de espanto
non significa nada
un pozo sen fondo de tristeza.

O marrón é a terra
da gusto tumbarse nela.

O rosa e a cor
das orellas dun rato.

O verde é unha cor
que nunca se perde
vela ata nunha festa.



-Encántame a cor vermella
berro a toda voz
É a cor dunha gran aperta
que das ós teus pais nunha festa.



# As cores

Amarelo é o poliño
negro é o carbón;
verde son os prados
polos que paseo eu.

Branca é a botella
pola que bebo eu;
vermello é o lume
que queima un montón.



Marrón é a cor
como me poño eu.

Laranxa é a mandarina
quen me zampo eu
cando teño fame
e me aburro un montón.



Todas as cores
forman o arco da vella
e están todos
moi felices.

Alexia Casas Carredo

# VERMELLO



Vermella cor do teu pelo,
vermello gran corazón,
por que me fas tanto dano
cunha tan fermosa cor?

Vermello do meu sangue,
vermello intenso das feridas,
vermello das nosas guerras,
por que queimas tantas vidas?



Vermella cor do amor,
vermello da túa boca;
cando miro para os teus ollos
unha vermella mirada tola.

Vermello é o sol;
vermella, a túa ira;
vermello, o teu mal xenio:
vermello o corazón que te mira.

Vermello do san Fermín,
vermello da Tomatina,
vermello que nos rodea:
VERMELLA LEDICIA MIÑA.

Vermello dos meus amores,
cor que sempre está aquí:
a cor que me fai sentir ben
cando eu o sorriso perdín.

Cando chegará o día
no que atrape o arco da vella,
o meta no meu corazón
e poda SENTIR a COR VERMELLA?

Paula Custo Vázquez

# Azul

Esa ola
que esta no meu camiño
de que cor sera?
De que cor sera?

Ese ceo
cando miro para arriba
de que cor sera?
de que cor sera?

É azul e soamente azul
Esa ola e ese ceo
Que ilumina o mundo
e o meu rumbo.

Sheila

# AZUL




O mar, o ceo o meu bolígrafo.
Ti reinas no mundo.
Ti mandas no sol.
Non eres esa cor
ti faslle sombra o sol.
Ti dasLle cor a noite
e o perdes no día.

Nos teus ollos me perdo
con un barco nos meus sonos.
Ti, magnífica cor, reinas na noite
e sirves no día.
Escondeste azul.
Onde estás?
Onde vas?

Paula María Vázquez Ceinos.



# O azul

O champú é azul
O baúl e o meu iogur.

Ao chegar a casa
encendo a luz
póñome a escribir
unha solicitude
con bolígrafo azul.

A miña nai chámase Chus
e vai a moitos clubs.
O meu pai chámase Xesús
e fai moito surf.
O meu irmán chámase Saúl
e fai o gandul.
E eu chámome Raúl
e cando morra
que me metan nun ataúd
de cor azul.

Alejandro Álvarez López

Jose

# O Vermello

As venas alongadas
do noso interior,
e unha cor con
moito corazon.

É a cor dun
rubí chillón,
e é o mellor para
unha moza de moito valor

Hai flores da súa cor vermella,
que expresar sentimento hacia ela

No outono as follas
son marróns, tirando
a vermello estaría
moito mellor.

Jose

# O laranxa

Laranxa, laranxeira
góstame a robótica
e tamen a teu pelo.

Cando eu choro, ti ris
e cando ti,
polo medo, faste pis
todos te axudamos
e ti falas mal de min.

Laranxa, laranxeira
como es tan lelo!

Santiago Castro Doallo

# O MUNDO DAS CORES



Na illa de Babul
todo é de cor azul.

Alí azul é calquera cousa
ata a nariz mocosa
do rei Facundo II
que é o máis azul do mundo.



Azul é o chocolate,
o leite. Que disparate!
O sol que me desperta ao día
menuda monotonía!





Na illa de Pintoxo
o ceo é requeteroxo.

Vermella é a fresa,
Vermello é o caravel,
Vermello é o lazo
que leva Maribel.



Se miras ao teu redor,
todo é da mesma cor,
tan vermella como o pemento
que tremendo aborremento!



Na illa de Bolello
o que ves é amarelo.

Amarelo son, tamén,
os seis vagóns do tren
e o pingüino Ceferino.
Vaia sitio tan cansino!





Nun lugar tan triste e soso
ocorre un feito asombroso,
o mundo faise mellor
enchéndose de cor.



A alfombra da pradeira
agora é verde primavera.
A cometa de Xulieta,
laranxa, rosa e violeta.

Agora pasea a xente
máis contenta e sonrinte.
O país está orgulloso;
e mezclarse é marabilloso.

Candela Nóvoa.

# O azul

Cor que vexo no horizonte
tamen esta na auga.
Esa cor e un completo primor
esa cor é...
esa cor é o azul

Angel Enriquez Cid

# Azul

O azul vólveme tola,
pois é a miña cor favorita,
e sempre a escollo
para facer pinturas bonitas.

Porque resulta tan bonito, os preguntaredes?
Porque ten un brillo especial,
e para o mundo
resulta esencial.

O azul é inmenso,
é o ceo,
é o universo,
é o mar...

O azul está en todas partes,
na roupa,
nas casas,
incluso na túa cara!

Mencía Luis González



# A cor vermella

A cor vermella
é moi fermosa,
coa súa cor
é a diosa do amor

Pola súa cor
é todo un Dios,
se estás enfadado
alí esta a cor

Se tes frio
ela darate calor,
se está escuro
ela alumbrarate.

Joel Ferro Montes

# Azul

Cor azul
Ceu claro
mar cristalino
coma os teus ollos
de cor zafiro



Alba Vilas

# Cores

Esas bonitas mañás,
con ese verde amarelo sal,
tan bonito, tan bonito,
que abre coma unha flor.

Aquela flor rosa,
tan pintoresca e preciosa,
que encontrei unha maña,
mentras paseaba coa miña curmá.

Había unha vez un escarabello,
el era de cor negro,
moi feo,
demasiado feo.

Un día preguntoulle a nai,
podo ser vermello,
cómo aqueles escaraballos?

Ela díxolle que non,
e o escarabello se enfadou,
El escapou de casa,
mentras a súa nai estaba relaxada.

pintouse de vermello,
ese travieso escarabello,
os seus amigos xa o aceptan,
pero os seus pai o rexeitan.

Lucía



# Verde Auga




O rio levate ó mar
onde eu me bañaba
pasando polo lago
de conto de fadas.

Que bonita esa praia!
co mar pintado
de verde auga,

e a area dourada.
A miña cor verde auga
é moi rara.



Victoria Rodríguez Mar



# NEGRO:

A meña pellada,
non teña amor,
só era triste,
só teña dor.

Ela era cosa
sen ningunha cor
só era negra
sen amor.

Só teña unha imaxe,
sen ningunha paixaxe
só era negra

**PORQUE SÍ ÉLA?**

Sofía Grande Fernández

## BRANCO



Folerpa que do ceo caes,
non arrefríes a flor,
inocente e delicada,
contigo muda a súa cor.

## NEGRO

Ti eres a escuridade,
a noite de escuro vexo.

Eres o medo para os nenos
e contigo vídese o morcego.

Mateo Cruz Núñez